

Como comunicarse coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia durante a emerxencia sanitaria

A Consellería **habilita diferentes vías** para poder comunicarse telematicamente durante a emerxencia sanitaria. Estamos **adaptando o funcionamento ás características actuais**, polo tanto pode ser que nos primeiros días algún dos seguintes servizos non funcione correctamente.

1. Teléfonos:

A cidadanía pode manter a comunicación de xeito totalmente telefónico coa Consellería do Medio Rural.

Neste senso, a cidadanía pode comunicarse do seguinte xeito:

- Comunicación **cos servizos centrais e provinciais da Consellería**: farase en horario de **09:00h a 14:00h** a través dos **teléfonos e dos correos** electrónicos que figuran no **anexo 1**.
- Comunicación **coas oficinas agrarias comarcais e a solicitude de citas previas para a atención presencial** farase en horario de **09:00h a 14:00h** a través dos **teléfonos e dos correos** electrónicos que figuran no **anexo 1**.

2. Formulario de contacto online “Consulta á consellería”

Coa recente posta en marcha da nova páxina web da Consellería, abriuse unha nova canle de comunicación. Esta nova canle permite un contacto directo con todos os servizos da Consellería, para aclarar todas aquelas dúbidas que poida ter o sector en relación coas competencias de Medio Rural.

O formulario de consulta pode atoparse no seguinte enlace, funciona en todo momento e os diferentes departamentos darán resposta ás consultas coa maior rapidez posible, segundo a dificultade ou a cantidade de profesionais que requira consultar.

<https://mediorural.xunta.gal/es/conselleria/consultale-al-conselleiro>

Tamén lembramos que existe un documento de Preguntas e Respostas Frecuentes (FAQ) que, con toda probabilidade, poidan resolver as dúbidas máis comúns:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus/faq>

3. Redes sociais

A Consellería do Medio Rural habilitou un número de teléfono de **Whatsapp** para consultas escritas:

+34 664 48 60 51

En **Twitter, Facebook e Instagram**: a Consellería informa proactivamente a través das redes sociais do propio conselleiro e, polo tanto, tamén se poden recibir consultas a través de mensaxes,

privados ou públicos. Atenderanse, sempre nunha velocidade acorde á dificultade na resposta e aos departamentos que precisen consulta ao respecto.

Twitter: *@josegonzalezCMR*

Facebook: *@josegonzalezconselleiro*

Instagram: *@josegonzalezvaz*

Outra rede que empregaremos para informar daquelas cuestións relacionadas co eido forestal e dos incendios é a conta de Twitter *@incendios085*.